

Debido á celebración da V Copa Galicia de Ximnasia Acrobática os vindeiros 16, 17 e 18 de Marzo de 2012 queremos achegarvos un guiño da nosa terra co fin de que a vosa estancia na nosa cidade sexa o máis placentera posible.

Ourense é pedra; monumentos. É auga; ríos e fontes e, en especial, as augas termais. Teñen a súa orixe nas profundidades da terra, atravesando as pequenas fisuras que o sustrato de granito lles permite, e adquirindo as propiedades dos mineirais polos que pasa, chegando á superficie onde podémolas gozar.

Ourense goza desde hai milleiros de anos dun océano de auga baixo os seus pés. Somos a segunda cidade de Europa con máis manantiais de auga termal. Temos unha variada oferta para gozar destas maravillosas augas, mellorar o noso aspecto e saúde ou simplemente relaxarnos e gozar da vida. Un desfrute en todos os sentidos, porque Ourense combina esta riqueza termal con maravillas arquitectónicas, delicias gastronómicas e unha grande oferta comercial.

A continuación achegámosvos varias páxinas webs onde podedes consultar dende onde durmir e comer ata qué ver ou qué facer nesta fermosa cidade.

Esperamos sexan do voso agrado e interese:

[www.turismourense.com](http://www.turismourense.com)

[www.turismodeourense.com](http://www.turismodeourense.com)

[www.ourense.es](http://www.ourense.es)

[www.ourense.com](http://www.ourense.com)

[www.termasoutariz.com](http://www.termasoutariz.com)

[www.termaschavasqueira.com](http://www.termaschavasqueira.com)

[www.casasruralesourense.com](http://www.casasruralesourense.com)